

## A MODERNA

Ramón Peinador 21  
36890 Mondariz - Balneario, Pontevedra  
Teléfono: 649 263 067



### INFORMACIÓN XERAL

Contorna urbanizada con beirarrúas de pedra en bo estado.

#### Atención ao público e outra información de interese

- Dispoñen de menús baixo demanda para persoas con necesidades especiais.
- Non dispón de cartas adaptadas.
- Non dispoñen de persoal signante.
- Permítese o acceso con can guía e/ou asistencia.
- Non está prevista a evacuación de persoas con discapacidade.

#### Acceso e zona de atención ao público

- Non existen liñas de transporte público. Na contorna inmediata non existen prazas de aparcadoiro, pero dispós de zona de aparcadoiro na parcela.
- A contorna ten un pavimento de pedra en bo estado. A zona de aparcadoiro ten un pavimento de grava.
- Dous puntos de acceso, desde a rúa a través dun banzo rebaixado con pendentes do 8 e o 14% ou desde a zona de aparcadoiro a través dunha rampla de 7m de lonxitude e unha pendente do 16%.
- No acceso principal, porta de dobre folla batente ao exterior con oco de paso total de 104cm. En acceso desde aparcadoiro porta batente ao interior de 80cm de oco.
- Ambas as portas son parcialmente de vidro.
- Desde ambas as entradas accédese á zona de barra.
- Barra cunha soa altura de atención a 1,17m de altura. Carece de sistema de indución magnética.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### BAR

##### Localización e itinerario

- O itinerario interior non ten desniveis. O pavimento atópase en bo estado.

##### Características

- A anchura mínima do espazo de circulación é maior de 120cm.
- A barra ten unha soa altura a 110cm, non existe posibilidade de aproximación en cadeira de rodas.
- Asentos móbiles sen respaldo en barra de 78 cm de altura.

#### SALÓN COMEDOR

##### Localización e itinerario

- O itinerario interior non ten desniveis. O pavimento atópase en bo estado.

##### Características

- A anchura mínima do espazo de circulación é de 96cm no oco de paso entre zona de barra e comedor.
- O itinerario interior non ten desniveis. O pavimento atópase en bo estado.
- Mesas rectangulares e cadrases de diferentes dimensións. Alto de mesa de 76 cm e altura baixo a mesa de 66cm. Ancho inferior nas mesas máis pequenas de 58cm.

## ASEO ADAPTADO

### Localización e itinerario

- Aseos xunto á zona de comedor. A cabina adaptada é a feminina.

### Entrada ao aseo

- A sinalización xeral non inclúe o SIA.
- Os corredores de acceso teñen unha dimensións de entre 116 e 102cm de ancho.

### Cabina

- Unha única cabina adaptada. Dispón de sinalización mediante SIA de pequena dimensión a 163cm de altura.
- Porta batente ao interior de 80cm de ancho.
- Apertura con picaporte, mecanismo de peche mediante pasador fixo non manipulable co puño pechado ou co cóbado.
- Diámetro de xiro anterior á porta de 120cm, e interior maior de 150cm.
- Control de iluminación por sensor.
- Carece de sistema de alarma.

### Lavabo

- Situado dentro da cabina.
- Billa monomando ao lado dereito.
- Lavabo con pé, impide a correcta aproximación en cadeira de rodas.
- Espello fixo con bordo inferior a 110cm de altura.
- Dispón de dispensador de xabón sobre o lavabo e dispensador de toallas de papel a 138cm.

### Inodoro

- A aproximación frontal ten unha amplitude de 60cm ata o lavabo.
- Conta con espazo de transferencia desde o lado dereito cunha anchura maior de 75cm.
- As barras son unha combinación de fixa e abatible e están situadas a 72cm a dereita e 74 a esquerda. A separación é de 80cm.
- A altura de uso do asento, inodoro máis táboa, é de 41cm.
- Mecanismo de descarga de pequena dimensión sobre cisterna. Non se pode activar co cóbado o puño pechado e require un esforzo baixo.

## ACCESIBILIDADE VISUAL

### BAR

#### Localización e itinerarios

- No acceso pola porta principal atopamos á dereita unha zona de mesas altas e taburetes. Desde o acceso polo lateral accédese directamente á zona de barra, atopando os taburetes á esquerda.

#### Características

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades visuais.
- A luz é homoxénea e suave. A barra conta con iluminación identificativa.

### SALÓN COMEDOR

#### Localización e itinerarios

- Mesas colocadas de maneira regular marcando zonas de paso.

### Características

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades visuais.
- A luz é homoxénea e suave.
- As mesas contan con cor contrastada

### Aseos

- Carecen de sinalización en braille e alto relevo
- A cor dos elementos destaca con respecto a paredes e chan.
- A alarma en caso de emerxencia é soamente visual.

## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### BAR

- O establecemento carece de equipamentos específicos para discapacidades auditivas.

### SALÓN COMEDOR

- Dispón de carta escrita con letra de pequena dimensión.
- Non dispoñen de persoal signante.

### ASEO

- Están sinalizados.
- Nas cabinas, o pasador fixo non ten un sistema exterior indicando estado de libre ou ocupado.
- A porta non ten a parte inferior libre para ver se hai alguén dentro da cabina.
- En caso de emerxencia, non conta con sistema de alarma visual.

## OUTRAS ESTANCIAS E SERVIZOS

ESTANCIA	LOCALIZACIÓN	ITINERARIO	CARACTERÍSTICAS
Aparcadoiro			Aparcadoiro dentro da parcela, comunicado mediante rampla co establecemento. Prazas non debuxadas. Pavimento de grava.
Terraza			Á cota da zona de aparcadoiro. Mesas cadradas de 70cm de alto, con oco inferior de 67cm de alto e 60cm de ancho libre. Pavimento en bo estado. Existe un desnivel de 10cm entre a zona de terraza e o pavimento do itinerario de acceso.